XUNTA DE GALICIA

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES RELATIVO Á UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DA RESIDENCIA XUVENIL DE ALTAMAR.

En Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, e no seu nome e representación, don José Carlos López Campos, conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, nomeado polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución do 8 de abril de 1991, e de conformidade co establecido no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica de Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

E doutra parte, don Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 44/2024 polo que se nomea aos titulares das consellerías da Xunta de Galicia no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que, en virtude do disposto no Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude son competencias e funcións desta consellería a promoción e difusión da cultura; a

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: pyPZr0NFQhu9 https://sede.xunta.gal/cve

protección e promoción do patrimonio cultural de Galicia e dos Camiños de Santiago; a promoción e o ensino da lingua galega, así como a dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia, e a xestión das actuacións en materia de xuventude, participación e voluntariado.

Segundo.- Que o artigo 6 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, establece que para o mellor exercicio das súas competencias, a Administración autonómica poderá subscribir convenios de colaboración coas demais administracións públicas e entidades públicas e privadas vinculadas á actividade deportiva.

Que o Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, atribúe á Secretaría Xeral para o Deporte, as competencias e funcións en materia de deportes e, en particular, o deseño, a programación, o desenvolvemento e a execución da política deportiva de Galicia, así como a promoción e difusión da actividade física e do deporte, con especial atención á promoción da igualdade entre homes e mulleres, actuando, se é o caso, en colaboración con outras administracións e entidades públicas e privadas.

Terceiro.- Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte están interesadas en establecer as canles de colaboración necesarias para a promoción do deporte entre a xuventude, aumentando a calidade dos sistemas de apoio destinados ás actividades de mozos e mozas.

Cuarto.- Que a Consellería Cultura, Lingua e Xuventude está interesada en apoiar e promocionar o deporte entre a xuventude, contando cos medias necesarios para dar aloxamento e manutención ás persoas deportistas, sempre que sexa compatible coa finalidade das súas residencias xuvenís.

Polo exposto, as partes acordan as seguintes

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: pyPZr0NFQhu9 https://sede.xunta.gal/cve

CLÁUSULAS

Primeira.- O obxecto do presente acordo é establecer a forma e condicións de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte para a promoción da práctica de actividades deportivas entre a xuventude.

Segunda.- A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, comprométese a:

- Facilitar o uso gratuíto aos mozos e mozas da Residencia de Altamar en Vigo de:

  a) As instalacións deportivas que xestiona esta secretaría xeral no Centro Galego de Tecnificación Deportiva (CGTD) de Pontevedra. O uso das instalacións deportivas efectuarase no horario máis axeitado e sen interceder na dinámica propia do CGTD.

  b) As instalacións da Casa do Deporte de Vigo sita na rúa Luis Kasado (Vigo), previa solicitude formulada ao servizo provincial de Deportes Vigo, en idénticas condicións que as que gozan as federacións deportivas.

- Disposición de dez entradas en cada xornada, para as competicións organizadas ou nas que participen como local os clubs dos deportistas que sexan seleccionados como usuarios da Residencia Xuvenil Altamar. A adxudicación destas entradas realizarase entre as persoas residentes que previamente manifestaran o seu interese polas entradas.

Terceira.- A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude comprométese a acoller na devandita residencia a un máximo de seis (6) deportistas en réxime de aloxamento e mantenza e gozando dos mesmos servizos que as demais persoas residentes.

O aloxamento e a manutención prestaranse na Residencia xuvenil Altamar, de luns a venres en réxime de pensión completa, e só aloxamento os sábados, os domingos e os festivos. En todo caso, os períodos de estadía destes 6 mozos/as estarán suxeitos ao funcionamento regular da residencia xuvenil.

A prestación de aloxamento e manutención por parte da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude non supón incremento ningún de custo orzamentario, pois son prestacións

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: pyPZr0NFQhu9 https://sede.xunta.gal/cve

que conforman as actuacións ordinarias de funcionamento das residencias xuvenís adscritas.

Cuarta.- Para o caso de que se cubran todas as prazas ofertadas na Residencia xuvenil Altamar, os/as deportistas que se aloxen no centro deberán facelo compartindo habitación con algunha das persoas estudantes residentes.

Quinta.- Os mozos e mozas que se acollan na Residencia xuvenil Altamar deberán respectar e cumprir en todo momento as normas de réxime interno do centro, non interferir ou alterar o normal desenvolvemento da convivencia no centro e participar, na medida do posible, nas actividades organizadas pola propia residencia. En caso contrario, previo apercibimento, a Dirección do centro poderá determinar a expulsión nas mesmas condicións que calquera persoa residente.

Sexta.- As persoas deportistas seleccionadas deberán depositar ao igual que o resto das persoas residentes e bolseiras de prazas en residencias xuvenís dependentes da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, unha mensualidade en concepto de reserva que se lle devolverá ao finalizar a estancia.

Os danos que ocasionen os/as deportistas acollidos ao abeiro deste acordo nas respectivas instalacións serán custeadas polas propias persoas que os ocasionen ou subsidiariamente pola administración deles responsable.

Sétima.- Constitúese unha comisión de seguimento e control, que vai levar a cabo as funcións contempladas no presente acordo e, en especial, as de supervisión e avaliación das actuacións nel recollidas e resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan presentar.

A comisión estará composta por un representante de cada unha das entidades asinantes do acordo:

- A representación da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, corresponderalle á persoa titular da Dirección Xeral de Xuventude, que, así mesmo, ostentará a presidencia da comisión.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: pyPZr0NFQhu9 https://sede.xunta.gal/cve

No caso de ausencia, será substituída por quen designe a persoa titular da Consellería.

-A representación da Consellería Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, corresponderalle á persoa titular do Servizo territorial de deportes na provincia de Pontevedra.

-A secretaría, e no seu caso a súa suplencia, corresponderalle á persoa que designe a persoa titular da presidencia da Comisión, de entre o persoal funcionario do departamento territorial da consellería con competencias en materia de xuventude. Contará con voz pero sen voto.

A comisión reunirase por solicitude dunha das partes asinantes e estará presidida pola persoa titular da Dirección Xeral da consellería con competencias en materia de xuventude ou persoa en quen delegue.

Oitava.- As partes poderán denunciar e resolver o presente acordo en calquera momento, de mutuo acordo ou por incumprimento de calquera das súas cláusulas.

Novena.- O presente acordo terá carácter administrativo, rexendo os seus efectos polo establecido nas súas cláusulas e, no seu defecto, pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, para resolver as dúbidas e lagoas que poidan xurdir.

Décima.- A vixencia do presente acordo será de catro anos dende a súa sinatura e poderá prorrogarse mediante acordo expreso por un período de ata catro anos adicionais, de acordo co sinalado no artigo 49.h) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A resolución das controversias que puideran ocasionarse sobre a interpretación e execución do presente acordo deberá facerse de mutuo acordo das partes. En caso contrario, será o órgano superior xerárquico común o competente para resolver as cuestións litixiosas que puideran suscitarse entre as partes con ocasión do seu desenvolvemento.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: pyPZr0NFQhu9 https://sede.xunta.gal/cve

Décimo primeira.- Este acordo será obxecto de inscrición, de acordo co previsto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes deste acordo, en cumprimento das esixencias de publicidade recollidas na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e na Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Décimo segunda.- As partes asinantes deste acordo garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) así como o resto da lexislación vixente nesta materia.

En proba de conformidade, ambas partes asinan o presente acordo no lugar e data sinalados no encabezamento.

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude	O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes
José Carlos López Campos	Diego Calvo Pouso

Asinado por: JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS
Cargo: Conselleiro
Data e hora: 13/10/2025 19:26:04

Asinado por: CALVO POUSO, DIEGO
Cargo: Conselleiro
Data e hora: 13/10/2025 14:38:26

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: pyPZr0NFQhu9 https://sede.xunta.gal/cve